

RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE FEBREIRO DE 2025 DA CONVOCATORIA PARA O REXISTRO OU MODIFICACIÓN DE GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE 2025

BASES XERAIS

A Área de Formación e Innovación Educativa ten como funcións principais a formación do profesorado da Universidade de Vigo en competencias docentes universitarias e a promoción da innovación educativa para mellorar a aprendizaxe do alumnado.

Esta convocatoria busca promover a creación de Grupos de Innovación Docente (GID) que xere un impacto real na práctica docente universitaria.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto da convocatoria é rexistrar novos Grupos de Innovación Docente da Universidade de Vigo. Estas estarán relacionadas coas liñas prioritarias da universidade: emprego das metodoloxías activas, titorización, avaliación, integración dos recursos tecnolóxicos, motivación do alumnado e profesorado, xeración de recursos educativos e aprendizaxe aberto.

Así mesmo, a convocatoria servirá para solicitar modificacións na composición dos GID xa rexistrados.

A convocatoria publicárase na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) e no taboleiro de anuncios.

II. DEFINICIÓN DE GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

Defínese un Grupo de Innovación Docente como un conxunto de profesores/as que desenvolven accións coordinadas, orientadas á mellora continua da docencia universitaria.

III. COMPOSICIÓN

A lo menos o 70 % das persoas que integren os GID deberá ser profesorado da Universidade de Vigo. As figuras docentes que se terán en conta son as que contempla a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Como máximo o 30 % das persoas que integren os GID poderá ser persoal investigador da Universidade de Vigo que teña carga docente, profesorado en centros adscritos da Universidade de Vigo e docentes doutras universidades.

Os grupos estarán formados por un mínimo de catro persoas.

Un/ha docente poderá participar como máximo en dous GID pero soamente poderá coordinar un grupo.



As modificacións da composición só se realizará nas convocatorias de rexistro de GID que terán carácter anual.

IV. REQUISITOS

As solicitudes terán como finalidade a mellora da docencia na Universidade de Vigo, polo que as actuacións terán que estar vinculadas coa docencia que imparte o profesorado nesta universidade. Non se terán en conta actividades relacionadas con outros niveis educativos.

As obxectivos e as actuacións do grupo teñen que ser claros e os resultados medibles na procura do alumnado como centro da aprendizaxe e da súa participación activa.

V. COORDINACIÓN

Os GID contarán cun/ha único/a coordinador/a que deberá ser un/ha profesor/a da Universidade de Vigo con vinculación permanente.

Así mesmo terá que ter unha media igual ou superior a 3,5 puntos nas Enquisas de Avaliación Docente nos últimos cinco anos ou unha avaliación de NOTABLE ou equivalente no programa DOCENTIA.

VI. CERTIFICACIÓN

O rexistro como GID non supón ningún tipo de certificación para os participantes. Para recoñecer as actividades desenvolvidas, anualmente publicarase unha convocatoria de avaliación de méritos onde o grupo terá que aportar as evidencias acadadas nos últimos dous anos naturais.

Os GID que acaden unha puntuación superior a 80 puntos recibirán unha certificación que terá validez por 4 anos. Os que reciban unha puntuación entre 50-79 puntos recibirán unha certificación que terá validez por 2 anos.

Os GID certificados terán prioridade nas convocatorias de axudas destinadas aos grupos de innovación docente.

Os GID que acaden unha puntuación inferior aos 50 puntos non recibirán ningunha certificación e poderán presentarse á seguinte avaliación anual engadindo novos méritos.

A lista de indicadores para a valoración e puntuación dos méritos publicarase na correspondente convocatoria segundo os seguintes criterios:

- > Participación en proxectos de innovación docente relacionados coa temática do GID (máximo 50 puntos).
- > Teses de doutoramento sobre innovación docente relacionadas coa temática do GID (máximo 50 puntos).
- > Publicacións de resultados de innovación docente relacionadas coa temática do GID (máximo 50 puntos).
- > Formación en innovación docente recibida (máximo 10 puntos).



- > Actividades de divulgación do GID (máximo 50 puntos).
- > Outras actividades de innovación docente (máximo 10 puntos).

VII. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas que soliciten o rexistro dun GID presentarán o Anexo I ou o Anexo II desta convocatoria, na sede electrónica da Universidade de Vigo a través do procedemento Instancia xenérica (PDI/PAS) dirixido ao Centro de Posgrao e Formación Permanente.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria ata ás **23:59 horas do 21 de febreiro de 2025**.

VIII. AVALIACIÓN

As comisión encargada da avaliación das propostas de Grupos de Innovación Docente estará composta por:

- O/A vicerreitor/a con competencias ou persoa na que delegue.
- O/A director/a do Centro de Posgrao e Formación Permanente.
- O/A subdirector/a con competencias do Centro de Posgrao e Formación Permanente.
- O/A técnico/a superior da Área de Formación en Innovación Educativa.
- Un/ha técnico/a superior da Área de Calidade.

IX. RESOLUCIÓN

O Centro de Posgrao e Formación Permanente, rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez avaliadas, publicará a listaxe provisional dos grupos admitidos e excluídos, coa mención da causa de exclusión no Taboleiro de anuncios. Tamén publicará as modificacións nos GID solicitadas.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional para emendar os erros e a falta de documentación. Esta presentase na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento *Alegacións* dirixido ao Centro de Posgrao e Formación Permanente.

Revisadas as alegacións pola comisión avaliadora, o Centro de Posgrao e Formación Permanente publicará a proposta de resolución definitiva cos GID rexistrados e as modificacións solicitadas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

X. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXP”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de tramitar o rexistro e modificación de GID.

Coa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar á persoa responsable de tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) preferentemente a través do procedemento específico SXER-Exercicio dereitos de protección de datos ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficinas de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude á Delegación de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao correo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



XI. CONSULTA DE INFORMACIÓN

Se precisa información sobre esta convocatoria pode solicitala en:

Área de Formación e Innovación Educativa
cpfp.innovacion@uvigo.gal
986 812 035

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,
Por delegación RR 22/06/2022
O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente
Alfonso Lago Ferreiro



ANEXO I

Nome do GID

Acrónimo

COORDINADOR/A

Apelidos

Nome

NIF

E-mail

Telf. móbil

Vinculación coa Universidade de Vigo

LIÑAS PRIORITARIAS DA INNOVACIÓN



Liña 1: Metodoloxías activas: *flipped learning*, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe colaborativa, resolución de problemas, estudo de casos, gamificación, cartafol do estudantado e outros.



Liña 2: Tutorización.



Liña 3: Avaliación.



Liña 4: Integración de recursos tecnolóxicos.



Liña 5: Motivación do alumnado.



Liña 6: Outras.

INSERCIÓN TRANSVERSAL



Perspectiva de xénero.



Deseño universal de aprendizaxe.



Inclusión dos ODS.



Potenciación do uso do galego.



	NOME	APELIDOS	NIF	E-MAIL	VINCULACIÓN UVIGO	DEPARTAMENTO
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						



DESCRIPCIÓN DO GID

1. Resumo da proposta (máx. 10 liñas)

2. Obxectivos (máx. 5 obxectivos)

3. Resultados esperados (máx. 10 liñas)

Sinatura do coordinador/a do GID



ANEXO II. SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN

Nome do GID

Acrónimo

MODIFICACIÓN DO COORDINADOR/A

Datos da nova persoa coordinadora:

Apelidos

Nome

NIF

E-mail

Telf. móbil

Vinculación coa Universidade de Vigo



PERSOAS PARA DAR DE BAIXA NO GID

	NOME	APELIDOS	NIF	E-MAIL	VINCULACIÓN UVIGO
1					
2					
3					
4					
5					
6					

PERSOAS PARA DAR DE ALTA NO GID

	NOME	APELIDOS	NIF	E-MAIL	VINCULACIÓN UVIGO
1					
2					
3					
4					
5					
6					



Sinatura da coordinación do GID:

Código seguro de Verificación : GEN-f824-fad0-550d-08bf-7429-39ee-2c2b-3c7d | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

